

Querido Xavier,

Vimos da nación toda a estas túas terras, tan nosas, percorridas polas imaxes da túa infancia.

Vimos para deixar pegada da túa escrita de poeta na pedra viva, na pedra dura, que é terra acrisolada polo tempo e que ti fas canción, palabra insculpida.

Á beira do saber das linguas que sosteñen culturas amadas e á beira do lugar, da casa, onde os rapaces e as rapazas van escribindo o saber nos seus cadernos de humilde barro.

Volvemos aos teus territorios de infancia, onde os recordos das xeracións que nos precederon se mesturan até se facer un só tempo, que vai tecendo o seu devir en lenta espiral.

Neste parque que vai sendo testemuña do tempo, do paso do tempo que con vagarosa man vai tallando o presente de Ribadeo, que o pasado nos di en sepia, coas súas árbores que acolleron luz e leve canto de verderolo e rula, neste tempo no que retornou a facer niño.

E chantamos a arbore do escritor que é palmeira e estes versos, que ti lle dedicas a ela, que se promete vizosa. Será tamén este lugar de xogos de rapaces e rapazas que acariñarán as súas letras coas que o canteiro quixo facer a túa palabra pedra, que serán recordo de xeracións futuras.

É fermosa a palmeira como rico símbolo de antiga iconografía que vén do Ourense das terras do amado Omar Kayan. A palmeira que é un símbolo da alma que se eleva ao ceo. A palmeira que é a árbore da vida, a que xongue o terreal e o celeste, é o símbolo do home xusto que se eleva desde a nosa terreal e humana imperfección cara aos celestes ideais nos que habita o teu ser poeta.

Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega